

**RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DUNHA BOLSA DE FORMACIÓN PARA PERSOAS TITULADAS SUPERIORES UNIVERSITARIAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN MATERIA DE POLÍTICAS E PROGRAMAS EUROPEOS NO ÁMBITO DA INNOVACIÓN E A INVESTIGACIÓN.**

En relación coa convocatoria dunha bolsa para a formación de titulados/as superiores universitarios para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación na oficina da FGE en Bruxelas, convocada por anuncio publicado no DOG do 30 de xaneiro de 2019, e á vista do informe-proposta realizado polo órgano instrutor

**RESOLVO**

Primeiro.- Conceder a bolsa de formación ao candidato que obtivo a maior puntuación no conxunto das probas, FRANCISCO JAVIER FERREIRO REY, cunha puntuación total de 26,8250.

Segundo.- Conforme o establecido no artigo 14.8 das bases da convocatoria, se a persoa adxudicataria renunciase expresamente á bolsa, esta concederase á seguinte persoa con mellor puntuación da lista de suplentes.

|   | APELIDOS E NOME        | Puntuación Total |
|---|------------------------|------------------|
| 1 | CASAL MUNÍN, SANDRA    | 25,3488          |
| 2 | ESPERON BAÚLO, BEATRIZ | 24,8129          |
| 3 | MUIÑO BLANCO, FÁTIMA   | 17,0000          |

Terceiro.- Esta resolución non pon fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 26.2.c) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que xulgue pertinente. Transcorrido este prazo sen terse presentado o dito recurso, esta resolución adquirirá firmeza na vía administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

O director da Fundación Galicia Europa

Jesús Gamallo Aller